

## **Parlamento das Letras: Xesús Constela Doce**

Enviado o 4 Xullo 2012

*Xesús Constela Doce ten nas dendritas a memoria do Ferrol vello, mais as circunvolucións de materia gris taiscan hoxe sinápticamente no Poio máis moderno.*

*O seu é un ir das historias doutro tempo, da memoria do que tomamos, ao presente no que nos vemos e o futuro que talvez será. Polo camiño abaian os relatos fantásticos e os realistas, o intimismo tenro e mais o parapopular e o cotián urbano, as sombras da demencia ou a cruel realidade migratoria, presenzas todas ben vividas no seu celebrado *As humanas proporcións* (2005), ao que pronto se sumou ese tributo michaeliendiano, *tábula de todas as maravillosas bibliotecas que no mundo teñen sido, que é Libro das alquimias* (2007).*




*Con *Shakespeare destilado* (2008) prctundou nos mecanismos da escrita na procura dos límites entre a realidade e a ficción. Nesta indagación metalingüística, a figura do xenial dramaturgo inglés serve como acaído referente para un monólogo metalingüístico e irónico onde as certezas desaparecen.*

*Polo de agora, a súa máis recente aposta literaria é *15.724*, que aínda garda a frescura da tinta coa que foi tirada do prelo hai apenas unhas poucas semanas. Narración tortemente simbólica e de tonda prospección psicolóxica, inténrase tamén nos territorios da identidade e da cohesión que os vínculos de sangue crean, propoñendo ao tempo unha sugestiva reformulación dos conceptos de patria e sentido de pertenza á tribo e, sobre todo, deitando unha transparente crítica aos resortes do poder oligárquico e despótico.*

*Este excelente versionador de Kipling, lúcido articulista onde os haxa, deixou aquí as súas respostas para abrir o diálogo. Que a súa lectura vos resulte estimulante.*

### **—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

Na década dos anos oitenta, cando estudaba na Universidade de Salamanca, un grupo de amigos constituímos unha especie de faladoiro literario (sempre comezabamos con literatura e rematabamos con outras cousas) no que intercambiabamos textos de produción propia. Reuníamonos no primeiro piso dunha cafetería que se chamaba El alcaraván (non sei se aínda existirá) na que teño recitado moitos poemas en galego que logo sempre traducía ao castelán para a miña audiencia de variadas orixes (no grupo había ingleses, alemáns e franceses). Esas conversas, faladoiros, reunións, xuntanzas, como queira que se puidesen chamar (nunca lles puxemos nome) deron orixe a unha revista de creación literaria que veu a luz en tres ocasións baixo o título de *Ancilla*, que, segundo alguén apuntou cando lle procurabamos un nome, era unha especie de escrava en latín.



Nesa revista apareceron arredor de oito poemas meus coas súas correspondentes traducións ao castelán. Pola mesma época publiquei algún outro poema (un deles deu orixe a un relato que aparece no libro de relatos *As humanas prpórções*) en revistas de asociacións de veciños das que desgraciadamente non conservo ningún exemplar. Estes son os primeiros textos que publiquei na miña vida. Gárdoos coma un tesouro no baúl das miñas mellores lembranzas.

—**¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

Non teño ningunha dúbida de que a miña obra mellor tratada foi *As humanas prpórções* (a esa colección de relatos débolle todo canto son agora no eido da literatura). Unha primeira obra que recibe dous premios (o Torrente Ballester e o da Crítica española) e ten unha fantástica acollida por parte dos lectores non ten prezo.


Tampouco teño dúbida ningunha de que a peor tratada foi *Libro das alquimias*, que pasou bastante desapercibida por diferentes motivos nos que agora non teño ganas de afondar. Sigo a pensar que se trata dunha novela con moitas posibilidades de lectura e que contén moitos ingredientes que poderían explicar as miñas afeccións escritora, lectora e viaxeira (ás veces dou en pensar se de verdade non atoparía eu un dos seus protagonistas, ese vello bibliotecario errante e anónimo ao que collín un agarimo enorme mentres escribía a novela, un agarimo que aínda manteño, por certo).

—**¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Sempre traballo na mesma mesa, na biblioteca da miña casa, coa cadeira orientada cara ao xardín. E o xardín, unhas veces chove porque é inverno, outras vai sol porque chegou o verán, sempre me agasalla cunha paisaxe diferente. Pero as orixes da miña escrita, iso que Rivas chama “a boca da literatura”, non están no meu xardín. Non. A orixe da miña escrita sempre parte da realidade: cousas que me contan, cousas que lembro, cousas que descubro nun xornal ou nunha viaxe ou nunha revista ou nas noticias da televisión, cousas que chegan a min sen ás veces procuralas dun xeito consciente. Déixoas repousar na miña cabeza como un vello tesouro (as lembranzas non son outra cousa máis ca iso) e logo paso por un proceso de adaptación desas ideas/ lembranzas/ cousas ao meu estilo literario.

A miña escrita sempre obedece a un mesmo esquema: a realidade achega unha idea que eu teimo en traballar como un pasteleiro que traballa a masa dun (futuro) biscoito. Plasmo esa idea primixenia xa traballada nun papel (a través da computadora, nunca a man) e déixoa repousar (ás veces meses, anos) para retomala ao cabo dun tempo e empezar a transformala pouco a pouco. Ás veces xunto tres ou catro ou cinco ideas e con elas constrúo algo diferente do que inicialmente concibira. Unha vez construído unha boa armazón dou en imaxinarme escultor e dedico todo o tempo do mundo a decorar a miña obra até que me sinto satisfeito.

É un proceso longo e bastante laborioso. En parte retrateino en *Shakespeare destilado*, divertimento mordaz e irónico acerca do feito literario: a literatura bébese, procésase estomacalmente e logo vomítase. Paseino tan ben escribindoa!



—**Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Evidentemente para min hai autores/as máis amigos/as ca outros/as, máis admirados/as ca outros/as, máis

lidos/as ca outros/as... Pero de verdade: gustaríame estar no lugar que ao meu apelido lle correspondese por orde alfabética. Estou seguro de que quen estivese diante de min e quen estivese detrás serían unha moi boa compañía.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

Supoño que iso, o de procurar trazos nos autores, é algo que corresponde a lectores, críticos e estudosos do fenómeno literario. Eu nunca pensei en tal cousa e quizais non teña ganas agora mesmo de pensar acerca do tema. Só sei que non podo deixar de escribir. Quizais sen quere-lo abrín unha billa que agora non podo (nin quero) pechar, unha billa que me dá moitas alegrías e me fai pasar momentos verdadeiramente bos, e que polo de agora me agasallou en moitas ocasións. Iso é o que de verdade me interesa.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Estou a reler (van xa tres veces) estes días aquela triloxía sobre os devanceiros que escribiu o grande Italo Calvino: *O vizconde demediado*, *O barón rampante* e *O cabaieiro inexistente*. Abríanme. Vaia unha mestría que se necesita para facer que unhas historias tan fantásticas poidan parecer verosímiles á vista dos lectores. Hai que ser un xenio para conseguir iso.



Adoro a escrita de Paul Auster e de Haruki Murakami. Encántanme Jonathan Swift (*As viaxes de Gulliver*), o escritor vasco Unai Elorriaga e tamén o portugués Gonçalo M. Tavares de *Aprender a rezar na era da técnica* e *Jerusalém*. Gozo sen cesar da lectura de José Saramago (magníficos o *Ensaio sobre a cegueira*, *A caverna* e *Memoriai do convento*) e na literatura galega gústanme moito Álvaro Cunqueiro (nos clásicos) e Antón Riveiro Coello (nos contemporáneos). Adoro tamén o realismo máxico latinoamericano (Alejo Carpentier, Gabriel García Márquez...). E tamén gusto de explorar novos camiños literarios, por iso descubrín xente como Agota Kristof, Milena Agus, Nick Hornby, Amelie Nothomb... escritores que achegan cousas ás veces moi interesantes.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

Téño clarísimo. Non paro de darlle voltas a este tema. Ás nosas letras fálalles a creación dunha boa industria literaria. E non falo só de editores e editoriais. Falo de axencias. Falo de promoción tanto interior (practicamente inexistente) coma exterior (menor hoxendía cá do viño albariño ou os mexillóns). Fálalles un bo recoñecemento institucional. Falta un bo premio nacional de literatura dotado cunha boa cantidade de cartos para aqueles que dedicaron a súa vida enteira á escrita no noso idioma (e véñenme á cabeza moitos nomes). Falta posibilidade de profesionalización por parte dos/as escritores/as. Os libros galegos están escritos no tempo de lecer dos seus autores. A profesionalidade do autor é unha entelequia imposible de acadar no noso sistema literario e, aínda así, creamos unha escrita de inmensa calidade. Xa lles gustaría a moitos países ter autores/as da categoría dos que abundan por estes lares! Cunha boa promoción internacional seríamos a envexa de medio mundo. E non teño ningunha dúbida ao respecto. Ningunha.

Ás veces é moi desalentador ver o panorama promocional/ industrial/ institucional no que se move a nosa literatura.

Cando un entra na meirande parte das librarías case ten que mergullar (sen tubo nin gafas nin bombona, chámase apnea?) para atopar o lugar onde está agachada a literatura en galego, se é que a hai!

A literatura galega nos xornais de meirande tirada aparece, se é o caso, cara ao final, no lugar que deixan libre os obituarios (máis mortos igual a menos libros). Iso son as páxinas de cultura. Para a prensa do país é máis importante o nacemento dun xato de cinco patas que a edición dunha novela de gran calidade literaria.

Os programas de libros na radio ou na televisión, os moi poucos que hai nun país con gran tradición literaria, divúlganse a horas intempestivas cunha audiencia potencial de somnábulo varios e zapeadores desesperados.

E aínda así creamos obras de calidade! Á literatura galega non lle sobra nada de nada. Fáltalle unha inmensa morea de cousas realmente necesarias.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Teño tantas cousas no caixón dos proxectos que non daría escollido ningún. Si que me gustaría escribir unha novela na que a grande protagonista fose a miña querida e sempre tan maltratada cidade de Ferrol. É quizais a miña gran materia pendente, aínda que teño algún plan na cabeza.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

Remítome ao que xa dixen na pregunta número sete, referente a que lle falta e que lle sobra ás nosas letras. Non teño máis nada que engadir.

**—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.**

Para ben ou para mal, guste ou non guste, vivimos nun recuncho do mundo onde país (pobo) lingua e literatura están condenadas a levar unha vida que non merecen e, peor ca iso, unha vida acerca da cal nunca puideron realmente decidir.



É un lugar onde, máis ca noutros, literatura e pobo van collidos da man de xeito inseparábel. Se unha avanza o outro tamén. E, por desgraza, se unha retrocede, tamén retrocede o outro. Cada paso adiante e cada paso atrás son pasos adiante e pasos atrás intimamente compartidos.

Necesariamente algún día as cousas han cambiar para ben (ou para mellor se se prefere) e as nosas obras, a nosa literatura, o noso pobo, acadarán o lugar que lles corresponde no mundo.

Ou iso ou rematar coma os trobadores occitanos. Todos bos pero todos mortos. A lingua de nós (a nosa materia prima) non pode acabar coma a lingua de Oc!

